



## Concello de Oza-Cesuras

**BASES QUE HAN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN OFICIAL DE 2ª DE OFICIOS VARIOS CONDUCTOR SUBSTITUTO DURANTE O PERÍODO DE INCAPACIDADE TEMPORAL E/OU VACACIÓNS DUN OFICIAL DE 2ª DE OFICIOS VARIOS CONDUCTOR DESTE CONCELLO.**

### **1.- Obxecto**

Constitúe o obxecto destas Bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) praza de oficial 2ª de oficios varios conductor durante o período de incapacidade temporal e/ou vacacións.

Modalidade: contrato laboral de duración temporal, por substitución de funcións durante o período de incapacidade temporal e/ou vacacións dun traballador (oficial 2ª de oficios varios conductor).

Xornada laboral: xornada completa

### **2.- Obxecto dos contratos**

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias do citado posto de traballo (oficios varios conductor), así como especialmente, a reparación e reposición de infraestrutura viaria, de locais e de espazos públicos do Concello de Oza-Cesuras.

### **3. Requisitos das persoas aspirantes**

1º. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.





## Concello de Oza-Cesuras

---

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con algunha discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír carné de conducir tipo B ou superior
- f) Estar en posesión do título de certificado de escolaridade, de graduado escolar, ESO, ESA, ciclo medio de formación profesional, ou superior, por ser a titulación esixida no grupo profesional C2/E-Agr.Prof na categoría profesional “conductor” segundo o indicado nas bases xerais de estabilización de emprego



## Concello de Oza-Cesuras

temporal incluídas na oferta de emprego público de 2022 do concello de Oza-Cesuras.

2º. Os anteriores requisitos deberán de reunirse con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación das solicitudes ou instancias para tomar parte nos correspondentes procesos selectivos.

### 4. Forma e prazo de presentación de instancias

A. **As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia** dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

B. O **prazo para a presentación de solicitudes** será de **sete días naturais** desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio da convocatoria do proceso selectivo na páxina web oficial do concello ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)), no rexistro xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das dúas sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, en horario de 8:30 a 14:30, ou ben telemática na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital.

C. **As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude.**

A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo

**A solicitude deberá ir acompañada pola seguinte documentación:**

a) Copia auténtica do DNI ou documento correspondente ao país da UE



## Concello de Oza-Cesuras

---

- b) Copia auténtica acreditativa de posuír o permiso de conducir.
- c) Copia auténtica do título de certificado de escolaridade, de graduado escolar, ESO, ESA, ciclo medio de formación profesional, ou superior.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- e) Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

Os interesados se responsabilizarán da veracidade dos documentos que presenten e, cando a relevancia do documento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia o concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal (artigo 28 LPACAP)

Asemade, o concello de Oza-Cesuras, agás que o interesado manifeste a súa oposición, consultará e recabará de oficio aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello sempre que se indiquen en qué momento foron presentados.

### 5. Admisión das persoas aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que



## Concello de Oza-Cesuras

se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

### 6.- Tribunal seleccionador

O Tribunal seleccionador estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras) e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario do Concello de Oza-Cesuras.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

### 7.- Criterios de selección.

Os criterios de selección serán os seguintes:

1. **Realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo.** Esta proba escrita será un test de 10 preguntas nun tempo máximo de 25 minutos e **valorarase de 0 a 3 puntos**, debendo obter unha puntuación mínima de 1 punto para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,30 puntos.
2. **Realización dunha proba practica: Puntuación máxima: 7 puntos.**  
Consistirá na realización dunha probapráctica relacionada ca reparación, reposición de estrutura viaria, locais e espazos públicos na que se valorará o manexo de diversas ferramentas e maquinaria.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

As dúbidas que se susciten serán resoltas polo citado Tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.





## Concello de Oza-Cesuras

---

No suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización da fase de oposición, sempre que o único/a candidato/a presentado reúna todos os requisitos esixidos na convocatoria.

### **8.- Resolución do procedemento.**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal Seleccionador disporá a publicación da puntuación final e da orde de cualificación dos aspirantes aprobados, que virá dada pola suma das puntuacións obtidas no exame test e na proba práctica.

Seguidamente o Tribunal seleccionador elevará dita relación, xunto coas actas dos procesos selectivos, á Alcaldía co obxecto de proceder á formalización do correspondente contrato laboral.

### **9.- Documentación**

A persoa aspirante proposta para formalizar o contrato laboral, deberá presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a comunicación da situación da persoa que ven desenvolvendo ditas funcións na actualidade, os seguintes documentos:

- Certificado de titularidade de conta bancaria.
- Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

### **10.- Contratación**

Concluído o proceso selectivo e presentados os documentos a que se refire a base anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá mediante o correspondente decreto a acordar a contratación do persoal laboral temporal substituto.

### **11.- Resolución de incidencias**

O Tribunal de selección poderá resolver todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán no Taboleiro de Edictos do Concello e, no seu caso, na páxina web do Concello de Oza-Cesuras ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)).

### **ANEXO.- Temario**





## Concello de Oza-Cesuras

---

Tema 1. Coñecemento do termo municipal de OZA-CESURAS.

Tema 2. Sinais de seguridade.

Tema 3. Principios básicos de seguridade no traballo e no manexo de maquinaria. EPIS individuais e colectivos nos traballos de reparación e reposición de infraestrutura viaria, locais e espazos públicos

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

Ado./ José Pablo González Cacheiro

